



**XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017**

**MÚSICA
[E OTRAS
ARTES]**

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

Vertixe Sonora Ensemble

SÁB.28.OUT-20.30 h
CGAC

Felipe Agell | clarinete
Roberto Alonso | violín
Carlos Méndez | contrabaixo
David Durán | piano
Ángel Faraldo | electrónica,
difusión multimedia

Pablo Coello | saxofón
Thomas Piel | violonchelo
Rubén Barros | guitarra eléctrica
Diego Ventoso | percusión

Programa

4VEV - Visións de Ensemble e Vídeo

Daniel Zea (1976)

*Desplazados** (2016)

catro intérpretes, electrónica e vídeo xerado en tempo real

Yiannis Kyriakides (1969)

*the arrest** (2006)

ensemble, cinta e vídeo

Simon Steen-Andersen (1976)

Study for String instrument #3 (2011)

violonchelo e vídeo

Igor C. Silva (1989)

*Smart-alienation** (2016)

ensemble, cinta e vídeo

*Estrea absoluta

Con 4VEV queremos escoitar, ouvir, tamén observar, ver, catro fórmulas moi diferentes que exploran os espazos de convivencia entre música e vídeo. Non se trata de catalogar ou categorizar as diferentes posibilidades desta relación, pero si explorar propostas que consideramos trascenden a inmediatez ou o convencional desa fructífera combinación, ben sexa pola proposta musical, a visual ou a relación entre eles. Preséntanse así en España *Desplazados*, do colombiano Daniel Zea, *the arrest* do chipriota Yiannis Kyriakides e *Smart-alienation* do portugués Igor C. Silva, xunto a *Study for String instrument #3* do danés Simon Steen-Andersen.

VERTIXE SONORA

Desde a súa aparición en 2010 convértese nun referente para a última xeración internacional de compositores de todo o mundo que encontra nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva artística global e en permanente procura da excelencia artística. Con máis de 100 obras musicais xeradas e estreadas por Vertixe, inclúen este catálogo compositores de países europeos (Alemaña, Austria, España, Estonia, Francia, Grecia, Holanda, Italia, Noruega, Portugal, Reino Unido, Romanía, Rusia, Suecia), Estados Unidos, Canadá, Asia e Oriente Próximo (Irán, Israel, Xapón, Tailandia, Turquía, Usbequistán) Centro América e Sur América (Arxentina, Brasil, Chile, Colombia, Costa Rica, Ecuador, México). Colectivo flexible que integra destacados solistas de música contemporánea de Galicia e Portugal, Vertixe Sonora Ensemble está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e a danza. Integra ao Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para a investigación e a experimentación do son con novos medios e para a creación de tecnoloxía racional do futuro. Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada que dinamiza o ecosistema cultural europeo, favorecendo o intercambio e a cohesión a través da música do noso tempo. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopías (campUSCulturae, da Universidade de Santiago de Compostela), o Festival Internacional de Creación Musical Contemporáneo Vertixe Sonora na provincia de Pontevedra en colaboración co Campus Crea S2i da Universidade de Vigo ou o ciclo MIHLsons en Lugo, son algunhas das aportacións que están renovando os públicos de música en Galicia. O compromiso por divulgar a música do noso tempo e ampliar o seu público os leva a organizar os cursos de divulgación musical Aguzar el Oído (MARCO, Vigo), os Encuentros Internacionales de Música Contemporánea – cAuSaL, obradoiros de composición, charlas abertas e espazos formativos destinados aos novos intérpretes a través de Proyecto Alien. O seu labor foi recollido no documental Correspondencias sonoras (2013) do cineasta Manuel del Río

Clara Saleiro, frauta / Felipe Agell, clarinete
/ Roberto Baltar, óboe / Jesús Coello, fagot
/ Pablo Coello, saxofón / Sergio Pacheco,
Alejandro Vázquez, trompeta / Jorge Fuentes,
trompa / Iago Ríos, trombón / Isidro García,
Nerea Rodríguez, Vazdim Yuchnevich, acordeón
/ Angélica Vázquez, arpa / Roberto Alonso,
Kioko Oshini, Mario Peris, violín / Lorena García
viola / Criptana Angulo, Aísa Lewin, Thomas
Piel violonchelo / Carlos Méndez contrabaixo
/ Rubén Barros guitarra eléctrica / David
Durán, Haruna Takebe piano / Diego Ventoso
percusión / Ángel Faraldo electrónica e difusión
multimedia

Dirección Artística Ramón Souto

Dirección Musical Pablo Coello

vertixesonora.net

AS OBRAS

Desplazados

4 intérpretes, ordenadores, mantas de supervivencia amplificadas, batería MIDI, electrónica e proxección de vídeo en tempo real

Hai dous motivos estéticos e políticos para a composición desta obra: os migrantes e a alienación do suxeito contemporáneo pola tecnoloxía. A manta de supervivencia, fonte sonora e instrumento musical, permite crear unha imaxe fráxil. Un espello do eu "migrante", unha música envolvente, unha coreografía feita de tremor. A transformación do son das mantas de supervivencia crea unha evolución musical que parte do tremor para chegar progresivamente a masas sonoras envolventes que lembrar a auga, o desastre, a emerxencia. Unha imaxe ambigua: trátase de poñerse no lugar do migrante? Ou darse conta de que xa estamos comezando o noso propio abandono como civilización? O home ao bordo da catástrofe permanece impotente, en transo ante a máquina. Sen contacto entre os seres humanos, o único chanzo que queda: a temperatura e o control que sofren. Un grupo de lunáticos que se moven seguindo as indicacións das súas computadoradoras, suando baixo as súas cubertas. Ademais dos sons, está o xogo das imaxes que sucede ao clímax da obra. Os sobreviventes tremen. Os seus rostros vixiados, filmados, son repentinamente re-proxectados nun vertixinoso regato tras deles. Isto evoca a sobrecarga de imaxes no noso mundo contemporáneo, onde filmamos todo, onde a temporalidade é constantemente manipulada, gravada, reproducida e compartida ata que se volve viral. Unha posta en escena do lado obscuro da imaxe.

the arrest

clarinete, violín, contrabaixo, guitarra eléctrica, piano, percusión, cinta e vídeo

Baseada nun soño de George Perec incluído na colección de 150 relatos de soños que publicou en 1973 como *La Boutique Obscure*. O soño en particular utilizado en *the arrest* (o arresto) é típico dun pesadelo recorrente que adoitaba ter de que sería parado e detido pola policía, un

temor que tal vez veu da experiencia dos seus pais, que foron deportados e asasinados no holocausto. De feito, hai referencias no soño á súa herdanza xudía e a incomodidade que sentía con respecto á súa posición pro-palestina. No soño non estaba seguro de por que ou quen o estaba arrestando. El tamén está inseguro da súa identidade, pregunta no seu soño se será un prisioneiro tunesino en Francia ou un prisioneiro francés en Túnez, pero sobre todo lle preocupa que na prisión terá que manter os seus calcetíns por varios anos máis, e que xa están sucios. Continuando cunha serie que Kyriakides escribiu para o Ensemble MAE en 2006, *dreams of the blind*, esta peza establece o texto do soño como unha película de texto animado, subliñada pola electrónica e o ensemble. Hai unha interacción de varias capas e velocidades que se adapta á narración peculiar dos soños. O público ten que ler o texto no momento específico que se revela na música, así que mentres formamos imaxes nas nosas mentes cando lemos o texto do soño, tamén escoitamos as voces da nosa mente lendo o texto á música. Este é un xeito de facer que a voz da audiencia sexa íntima e integral para a música. A diferenza de ouvila cantada ou falada por un intérprete no escenario, a voz é interna, máis próxima ás voces que conducen estas narrativas de soño.

Study for String Instrument

instrumento de corda e vídeo

Movement do son ou son do movemento? Un sinxelo sample repítese unha e outra vez e descomponse lentamente nos seus elementos individuais un proceso de autonomización dos propios movementos. A escritura da peza indica só movementos (e polo tanto pódese tocar en calquera instrumento de corda e tal vez incluso en outros instrumentos), e é tanto unha coreografía para o intérprete como unha sonora para o instrumento. Un xogo coreográfico - ou incluso unha especie de danza, acompañándose a si mesma.

Smart-alienation

ensemble, cinta e vídeo

Expansiva obra multimedia na que intérpretes, psicodelia, ruído e improvisación se unen para crear impresionantes experiencias sensoriais. Creada para un ensemble flexible entre 3 e 5 músicos, Vertixe Sonora presenta esta obra en España cunha instrumentación formada por saxofón, violín, guitarra eléctrica, piano e percusión

OS COMPOSITORES

Daniel Zea (Colombia, 1976)

Deseñador e compositor establecido en Xenebra, o seu universo artístico xira en torno á música instrumental e electroacústica, así como á programación. Colabora regularmente en proxectos interdisciplinarios (danza contemporánea, performance, artes visuais) e é profesor da Alta Escola de Arte e Deseño de Xenebra (HEAD) onde ensina elementos básicos para a programación de plataformas interactivas de vídeo e son. É membro fundador do Ensemble Vortex no que participa como compositor e intérprete de música electroacústica.

Yannis Kyriakides (Chipre, 1969)

Emigrou a Gran Bretaña (1975) e vive nos Países Baixos desde 1992. Estudou musicoloxía na Universidade de York e máis tarde en composición con Louis Andriessen e Dick Raaijmakers. Como compositor e artista sonoro procura novas formas e híbridos de medios que debaten sobre o acto da escoita. A cuestión do que a música realmente está a comunicar é un tema recorrente no seu traballo e con frecuencia síntese atraído pola relación entre percepción, emoción e linguaxe e como esta define a nosa experiencia do son. Nos últimos anos o seu traballo explorou diferentes relacións entre palabras e música, tanto en composicións de concerto como en instalacións a través do uso de sistemas de codificación de información en son, sintetizando voces e proxectando texto á música. Este traballo levou a unhas 20 películas de texto musical que

xogan coa idea da voz imaxinada ou interior. Yannis escribiu máis dun centenar de obras, compostas principalmente por obras de teatro musical, multimedia e electroacústicas para grupos de cámara e grandes conxuntos. Os seus traballos foron interpretados en todo o mundo en moitos dos festivais de música máis importantes, e por moitos conxuntos de música contemporánea de referencia. A súa ópera *Un océano de lluvia*, abriu o festival de música de Aldeburgh en 2008. Foi compositor programado tanto no Festival de Música Contemporánea de Huddersfield 2007 como no November Music 2011 (Holanda). Recentemente a súa instalación sonora foi requirida para máis exposicións e contribuíu con dúas obras para o Pavillón holandés da Bial de Venecia en 2011. En 2000 gañou o Premio Internacional de Composición Gaudeamus pola súa peza *conSPiracy cantata*. O CD *Wordless*, recibiu unha mención honorífica no Prix Ars Electronica 2006, e o seu recente CD, *Antichamber* acadou o premio de música electrónica Quartz de Francia no 2011. Outros premios inclúen o premio holandés Toonzetters á mellor composición de 2010, o Premio Willem Pijper e o Premio Internacional Rostrum 2014. Xunto con Andy Moor e Isabelle Vigier fundou e dirixe o selo discográfico para nova música electrónica Unsounds. É membro fundador do conxunto Maze e ensina composición no Conservatorio Real de Música de A Haia.

Simon Steen-Andersen (Dinamarca, 1976)


Compositor, intérprete e instalador residente en Berlín traballa no campo entre a música instrumental, a electrónica, o vídeo e a interpretación en contornas que van desde a orquestra sinfónica e a música de cámara (con e sen multimedia) ata obras escénicas, actuacións en solitario e instalacións. As obras dos últimos 6-7 anos concéntranse en integrar elementos concretos na música e poñen énfase nos aspectos físicos e coreográficos da interpretación instrumental. Os traballos inclúen a miúdo instrumentos acústicos amplificadas en combinación con sampler, vídeo, simples obxectos cotiáns ou construcións caseiras. Simon Steen-Andersen recibiu, entre outros, os Premios Nordic Council Music e SWR Orchestra 2014, Carl Nielsen (Dinamarca) e o Kunstpreis Musik de Akademie der Künste de Berlín de

2013, o International Rostrum of Composers, o DAAD Berliner Künstlerprogramm Residencia 2010 e o Kranichsteiner Música 2008. As súas obras son encargos de conxuntos, orquestras e festivais como ensemble recherche, Neue Vokalsolisten Stuttgart, a Orquestra SWR, a Filharmónica de Radio France, Ensemble Ascolta, cuarteto JACK, Ensemble Modern, Oslo Sinfonietta, 2e2m, Donaueschinger Musiktage, Ultraschall, Wittener Tage für Neue Kammermusik e ECLAT. Ademais traballou con formacións como Klangforum Wien, Collegium Novum Zürich, ICTUS, Arditti, London Sinfonietta, Intercontemporain, asamisimasa e NADAR. Estudiu composición con Karl Aage Rasmussen, Mathias Spahlinger, Gabriel Valverde e Bent Sørensen en Aarhus, Friburgo, Bos Aires e Copenhague 1998-2006. Desde 2008, é profesor de composición na Academia Real de Música de Aarhus, Dinamarca, 2013-2014 foi profesor visitante na Academia Noruega de Música de Oslo e en 2014 foi profesor da Darmstädter Ferienkursen für neue Musik.

Igor C Silva (Portugal, 1989)

Reside en Amsterdam como compositor dedicado á electrónica e á música de novos medios, creando proxectos onde músicos, computadoras e moitas cosas ruidosas e psicodélicas se concitan no escenario, proporcionando unha experiencia multi-sensorial. Traballa habitualmente con conxuntos, intérpretes e orquestras, recibindo moitas comisións de grupos e festivais, e publicando varias gravacións coa súa música. Tamén colabora regularmente con solistas, conxuntos e grupos de jazz, dedicando parte da súa actividade musical e de composición á improvisación e actuacións interactivas con electrónica e ferramentas multimedia. *Chouette!* para frauta, violonchelo e piano, estreouse en setembro de 2009 en Austin (Estados Unidos) e interpretouse en Future Places Festival. En maio de 2010 participou no proxecto europeo *Sound Art In City Spaces*, onde creou unha instalación/performance en Porto, xunto con varios artistas estranxeiros. Foi Joven Compositor Residente en Casa da Música de 2012, recibiu varias comisións e traballou coa Orquestra Sinfónica de Porto e

Remix Ensemble, entre outros. Tamén foi o compositor residente en Miso Music Studios en 2015, onde comezou a desenvolver unha nova obra multimedia que se estreará en 2017. Recentemente, o seu traballo *You Should Be Blind to Watch TV*, para conxunto e electrónica, gañou unha recomendación no International Rostrum of Composers en Estonia e gañou un premio co Ossia Ensemble en Nova York. Ademais recibiu galardóns como o 1º Premio no 2º Concurso de Composición Casa da Música / ESMAE con Terminus, para viola, electrónica en vivo e iluminación, 1º Premio no 5º Concurso Internacional de Composición da Póvoa de Varzim con Flipbook, para quinteto e electrónica, e o 1º Premio no Concurso Internacional de Composición GMCL / Jorge Peixinho con *Blood Ink*, para ensemble pequeno e electrónica. Entre os próximos proxectos destaca a publicación de novas gravacións co Remix Ensemble e a Orquestra Nacional do Porto, unha comisión para unha ópera multimedia en 2018, a interpretación de *zap_ping_* no Festival ICMC / Gaudeamus en Utrecht, e varias actuacións e estreas en España, Holanda, Portugal, Bélxica, Austria e Suíza. Silva graduouse en composición na Escola Superior de Música, Artes e Espectáculo (ESMAE) en 2011, e rematou un Máster en Composición e Teoría Musical en 2013. Asistiu a seminarios con Magnus Lindberg, Jonathan Harvey, Pauline Oliveros, Kaija Saariaho, Wolfgang Mitterer, Betty Olivero, Marko Ciciliani, Pascal Dusapin, Bruce Pennycook e outros. Actualmente cursa un mestrado en Electrónica en vivo no Conservatorium van Amsterdam.





XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017

MÚSICA [E OUTRAS ARTES]

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal

Próximos concertos

OUTUBRO

GRUPO DE DANZA CONTEMPORÁNEA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO- GRUPO DE PERCUSIÓN DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA XOÁN MONTES DE LUGO

Diego Ventoso, director
Dom 29—12.30 h
Auditorio de Galicia- Sala Mozart

NOVEMBRO

VOX STELLAE

Luis Martínez, director
Ven 3—20.30 h— Igrexa da Universidade

ZOAR

Sáb 4—20.30 h— Paraninfo da Universidade

TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

Diego García Rodríguez, director
Ven 10—20.30 h— CGAC

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Rogelio Groba, director
Sáb 11—20.30 h— Igrexa da Universidade

ORQUESTRA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mario Diz, director
Dom 12—12.30 h— Igrexa da Universidade

LA PHÁRMACO

Ven 17—20.30 h
Auditorio de Galicia — Sala Mozart



Deputación
DA CORUÑA